

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE XANEIRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día doce de xaneiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 5 de xaneiro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de xaneiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde do 18 de decembro de 2020, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN541A). (Diario Oficial de Galicia número 4, do día 8 de xaneiro de 2021).

- Decreto 2/2021, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Diario Oficial de Galicia número 4-bis, do día 8 de xaneiro de 2021).

- Resolución do presidente da Deputación número 322, do 8 de xaneiro de 2021, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, respecto da aprobación das bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 5, do 11 de xaneiro de 2021).

- Resolución do 14 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento SI461A). (Diario Oficial de Galicia número 5, do día 11 de xaneiro de 2021).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 30 de decembro de 2020 ao 7 de xaneiro de 2021, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2091/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 15/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2091/2020	30-12-2020	Numeración de vivenda a solicitude de SPS
2092/2020	30-12-2020	Aprobación convenio de promoción do baloncesto 2020
2093/2020	30-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de xaneiro de 2021
2094/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar(CRV)
2095/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar(APA)
2096/2020	30-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCCJ
2097/2020	30-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: IDM
2098/2020	30-12-2020	Instalación bomba para augas fecais na Casa Arrigada
2099/2020	30-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JGB
2100/2020	30-12-2020	Alta no servizo de axuda no fogar(FFS)
2101/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar(LAGI)
2102/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar(JCM)
2103/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar (AVP)
2104/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar(E.O.V)
2105/2020	30-12-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar (M.L.P.)
2106/2020	30-12-2020	Alta no servizo de axuda no forgar (OVR)



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2107/2020	30-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJVG
2108/2020	30-12-2020	Alta no servizo de axuda no fogar (DCP)
2109/2020	30-12-2020	Alta no servizo de axuda no fogar(LSM)
2110/2020	30-12-2020	Alta no servizo de axuda no fogar (MIPM)
2111/2020	30-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MMMJ
2112/2020	30-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 14.461,79 euros
2113/2020	30-12-2020	Pagamento segunda nómina decembro 2020 por altas persoal técnico e alumnado escola taller2020/21 e T.O.L.posterior ao peche
2114/2020	30-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda e terceira achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2019-2020, así como posterior pagamento
2115/2020	30-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda e terceira achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2019-2020, así como posterior pagamento
2116/2020	30-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda e terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2019-2020, así como posterior pagamento
2117/2020	30-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda e terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2019-2020, así como posterior pagamento
2118/2020	30-12-2020	Aprobación da solicitude de modificación dos proxectos a realizar pola Asociación O Temple Comercial dentro do programa de subvencións municipais a asociacións empresariais 2020
2119/2020	30-12-2020	aprobación convenio promoción do ciclismo 2020
2120/2020	30-12-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de novembro, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de decembro de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		2020.
2121/2020	30-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos abonos das cotas do RETA, realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas, Programa Consolida Cambre 2020. (primeiro)
2122/2020	30-12-2020	Pagamento de diferencias nóminas novembro e decembro 2020
2123/2020	30-12-2020	Aboamento terceira achega subvención Asociación O Temple Comercial
2124/2020	30-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda e terceira achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2019-2020, así como posterior pagamento
2125/2020	31-12-2020	Bolsas estudos curso 2020/2021
2126/2020	31-12-2020	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2020/2021
2127/2020	31-12-2020	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais do Colexio Público de Sigrás para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2020/2021
2128/2020	31-12-2020	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2020/2021
2129/2020	31-12-2020	Concesión de subvención Consolida Cambre V
2130/2020	31-12-2020	Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2020/2021
2131/2020	31-12-2020	Prórroga do Orzamento do exercicio 2020 ao 2021
2132/2020	31-12-2020	Aprobación da acreditación da entidade Fundación Wenceslao Fernández Flórez do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio para a promoción cultural durante o exercicio 2019
1/2021	31-12-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra "OBRAS DE MEJORA Y ADECUACION DEL POLIDEPORTIVO DEL CEIP PORTOFARO", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 33.295,65 euros, así como o seu pagamento
2/2021	31-12-2020	Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do primeiro ao terceiro trimestre do ano 2020



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

3/2021	31-12-2020	Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a FFFF para o ano 2020
4/2021	31-12-2020	Asunto: Aprobación de certificación correspondentes á obra "AMPLIACIÓN DEL SANEAMIENTO EN O VILAR (SIGRÁS) POS+ADICIONAL 1/2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe total de 2.235,86 euros, así como o seu pagamento
5/2021	31-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 78.918,85 euros
6/2021	31-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 135.738,72
7/2021	31-12-2020	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas correspondentes ás comisións das contas do Concello de Cambre nas entidades financeiras
8/2021	31-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 56.571,49 €
9/2021	31-12-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO E REXENERACIÓN URBANA NO TEMPLE. CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA). LOTE 1, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 179.731,52 euros, así como o seu pagamento
10/2021	31-12-2020	Aprobación da achega do Concello de Cambre a entidade colaboradora Asociación de Clubs de fútbol de Cambre para a promoción do fútbol 2019
11/2021	04-01-2021	Contrato menor mediante sistema de vale pedido para a asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de "mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. Cambre
12/2021	05-01-2021	Conceder a licenza para a acometida do servizo de telecomunicacións ao edificio situado na rúa Abeleira, O Temple. Solicitante: RC e T, S.A.
14/2021	07-01-2021	Reposición legalidade urbanística pola instalación dunha caseta prefabricada na parcela sita en Drozo, Cambre. Propiedade: Hdros de dona PCM e dona BPC
15/2021	07-01-2021	Padrón fiscal das actividades do programa Xogando no Nadal 2020

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de prórroga na execución da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)" incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2019/C003/000005

- Proposta de adjudicación dos lotes 1, 2, e 4 e proposta de declaración de deserto do lote 3 do contrato de servizos correspondente á “Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos”. Expte: 2020/C004/000017

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**- A) Proposta de prórroga na execución da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2019/C003/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de xaneiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 9 de xuño de 2020 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña.

Con data 13 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos, así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de dous meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 27 de outubro de 2020.

Vista a solicitude de prórroga presentada pola empresa adjudicataria *Canarga, S.L.*, con data 14 de decembro de 2020 e número de rexistro de entrada 202099900005103, na que solicita unha ampliación do prazo de execución dun mes e expón os seguintes motivos: redefinir e encaixar a obra atendendo aos criterios expostos polo Concello, condicións de temperatura desfavorable para a correcta execución da capa de M.B.C. discontinua tipo BBTM11A e reacondicionamento das arquetas de distribución eléctrica por parte da compañía propietaria (UFD Distribución Electricidad).

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao retraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se éste se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinala o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido polo director de obra, don Alejandro Peña López, con data 15 de decembro de 2020, así como o informe favorable do arquitecto municipal e responsable do contrato, con data do 7 de xaneiro de 2021, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga dun mes, quedando establecida a data de finalización da obra o 28 de xaneiro de 2021.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Acordar a prórroga dun mes, ata o 28 de xaneiro de 2021, na execución da obra “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre (FASE II)” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña. Expediente 2019/C003/000005.

**Segundo:** Notificar á empresa adxudicataria, ao director de obra e á entidade adxudicataria da coordinación de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Terceiro:** Notificar ao arquitecto municipal, responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación dos lotes 1, 2, e 4 e proposta de declaración de deserto do lote 3 do contrato de servizos correspondente á “Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos”. Expte: 2020/C004/000017**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de xaneiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000017 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) da “Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos”, dividíndose o obxecto do contrato en catro lotes, cun valor estimado total de 97.385,49 € e un orzamento base de licitación para os catro lotes e os dous anos de duración do contrato de 88.532,26 € sen IVE, 107.124,10 € euros IVE incluído.

Vista a valoración do único criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), que consta nas actas das mesas de contratación de datas 8 de setembro e 29 de outubro de 2020 respecto das ofertas presentadas nos distintos lotes no presente procedemento, así como as propostas de adxudicación formuladas con data 8 de setembro e 25 de novembro de 2020 pola mesa de contratación a prol dos distintos licitadores nos respectivos lotes nos que ofertaron.

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios nos lotes 1, 2 e 4 o prazo de sete días hábiles para que presenten a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes achegaron en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva dos informes emitidos polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con datas do 6 de outubro de 2020 (lote 4) e 18 de decembro de 2020 (lotes 1 e 2).

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria xeral da Corporación e o interventor municipal, de data 11 de xaneiro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, adoptando os seguintes acordos sobre admisión e inadmisión das ofertas presentadas, todo isto segundo as propostas formuladas para os diferentes lotes pola Mesa de Contratación:

- Para o Lote nº 1 (*Servizos para organización e realización actividades/eventos deportivos*):

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 8 de setembro de 2020, respecto do lote 1 do presente expediente:

- Admitir ás proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego, e formular a súa proposición estrictamente conforme ao modelo do Anexo III:

- Axiña Servicios Deportivos, S.L.
- Cambre Ocio, S.L.
- Galicia Outsourcing, S.L.
- Trosma Producciones, S.L.U.

- Para o Lote nº 2 (*Servizos para a organización de actividades/eventos culturais*):

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 8 de setembro e 29 de outubro de 2020, respecto do lote 2 do presente expediente:

- Admitir ás proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego, e formular a súa proposición estrictamente conforme ao modelo do Anexo III:

- Axiña Servicios Deportivos, S.L.
- Galicia Outsourcing, S.L.
- Trosma Producciones, S.L.U.

- Excluir do procedemento de licitación aos licitadores “**Dinamo Xestión de Actividades Socioculturais, S.L.**” e “**Iria Mejuto Buceta**”, por non atoparse, na data final de presentación de ofertas (4 de setembro de 2020), inscritos en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), sendo obrigatoria esta inscrición aos efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e encontrándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicables ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido prego no seu apartado 11 (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), obriga legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presenten propostas a



partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe núm. 20/2018, de 3 de setembro.

- Para o Lote nº 3 (*Servizo de elaboración de Memorias técnicas das actividades/eventos culturais*) :

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 8 de setembro e 29 de outubro respecto do lote 3 do presente expediente:

- Excluir do procedemento de licitación ao único licitador presentado, "Antonio Vázquez Santos", por non atoparse, na data final de presentación de ofertas (4 de setembro de 2020), inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), sendo obrigatoria esta inscrición aos efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e encontrándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicables ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido prego no seu apartado 11 (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), obriga legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presenten propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe núm. 20/2018, de 3 de setembro.

- Declarar deserto o Lote nº 3 (*Servizo de elaboración de Memorias técnicas das actividades/eventos culturais*) dos que integran o expediente 2020/C004/000017 correspondente á "Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos".

- Para o Lote nº 4, (*Suministro de carpas para o desenvolvemento das actividades/eventos culturais*) :

- Admitir ás proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego, e formular a súa proposición estrictamente conforme ao modelo do Anexo III, todo isto de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 8 de setembro de 2020:

- Carpas Facal, S.L.
- Logística del Espectáculo, S.L.

**Segundo:** Aprobar a puntuación correspondente ao único criterio de adjudicación que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), para os tres lotes do presente procedemento nos que foron admitidas proposicións, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas para cada un dos lotes, e a orde decrecente de clasificación das empresas licitadoras:

### Lote 1

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 8 de setembro de 2020, respecto do lote 1 do presente expediente:

LICITADOR	PRECIO ANUAL	PRECIO TOTAL para 2 años de servicio
-----------	--------------	--------------------------------------



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

	Sin IVA	IVA	Total	Sin IVA	IVA	Total
Axiña Servicios Deportivos, S.L.	15.900,00	3.339,00	19.239,00	31.800,00	6.678,00	38.478,00
Cambre Ocio, S.L.	17.104,97	3.592,04	20.697,01	34.209,94	7.184,09	41.394,03
Galicia Outsourcing, S.L.	12.250,00	2.572,50	14.822,50	24.500,00	5.145,00	29.645,00
Trosma Producciones, S.L.U.	14.317,37	3.006,65	17.324,02	28.634,74	6.013,29	34.648,03

Orden	LICITADOR	Puntuación precio ofertado
1ª	Galicia Outsourcing, S.L.	100,00
2ª	Trosma Producciones, S.L.U.	73,66
3ª	Axiña Servicios Deportivos, S.L.	34,81
4ª	Cambre Ocio, S.L.	2,10

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, tendo en conta o disposto na cláusula 16.3.2 do prego do PCAP, resultan como tales as ofertas inferiores a **30.831,31 euros IVA incluido**, polo que se constata que a oferta presentada por "**Galicia Outsourcing, S.L.**" atópase nesta situación.

## Lote 2

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 29 de outubro de 2020, respecto do lote 2 do presente expediente:

LICITADOR	PRECIO ANUAL			PRECIO TOTAL para 2 años de servicio		
	Sin IVA	IVA	Total	Sin IVA	IVA	Total
Axiña Servicios Deportivos, S.L.	17.006,82	3.571,43	20.578,25	34.013,64	7.142,86	41.156,50
Galicia Outsourcing, S.L.	12.750,00	2.677,50	15.427,50	25.500,00	5.355,00	30.855,00
Trosma Producciones, S.L.U.	14.783,15	3.104,46	17.887,61	29.566,29	6.208,92	35.775,21

Orden	LICITADOR	Puntuación precio ofertado
1ª	Galicia Outsourcing, S.L.	100,00
2ª	Trosma Producciones, S.L.U.	62,21

3ª	Axiña Servicios Deportivos, S.L.	1,35
----	----------------------------------	------

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, tendo en conta o disposto na cláusula 16.3.2 do PCAP, resultan como tales as ofertas inferiores a **34.396,55 euros IVE incluído**, polo que se constata que a oferta presentada por “Galicia Outsourcing, S.L.” atópase nesta situación.

#### Lote 4

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 8 de setembro de 2020, respecto do lote 4 do presente expediente:

LICITADOR	PRECIO ANUAL			PRECIO TOTAL para 2 años de servicio		
	Sin IVA	IVA	Total	Sin IVA	IVA	Total
Carpas Facal, S.L.	6.485,78	1.362,01	7.847,79	12.971,56	2.724,03	15.695,59
Logística del Espectáculo, S.L.	7.115,50	1.494,25	8.609,75	14.231,00	2.988,50	17.219,50

Orden	LICITADOR	Puntuación precio ofertado
1ª	Carpas Facal, S.L.	45,45
2ª	Logística del Espectáculo, S.L.	4,57

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, tendo en conta o disposto na cláusula 16.3.2 do prego do PCAP resultan como tales as ofertas inferiores a **13.775,60 euros IVE incluído**, sen que ningunha das ofertas presetas se atope nesta situación.

**Terceiro:** Adoptar os seguintes acordos sobre adxudicación e exclusión de ofertas presentadas, todo isto segundo as propostas formuladas para os diferentes lotes pola Mesa de Contratación:

- Para o Lote nº 1 (Servicios para a organización e realización actividades/eventos deportivos) :

De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 25 de novembro de 2020:

- Declarar que a empresa “Galicia Outsourcing, S.L.” non xustificou debidamente a súa oferta incursa en presunción de resultar anormalmente baixa, isto ao amparo do establecido no artigo 149.4.e) da LCSP e cláusula 16.3.4 do PCAP, dado que, da documentación aportada pola empresa e tendo en conta os informes emitidos polo Coordinador de Actividades Culturais e Educativas municipais en datas 25 de setembro e 20 de outubro de 2020, e pola Técnica de Xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria Xeral, de data 24 de novembro de 2020, a oferta resulta anormalmente baixa debido ao incumprimento das obrigas en materia laboral respecto aos traballadores destinados á execución do presente contrato, toda vez que non acreditan o cumprimento das tablas salariais incluídas no convenio colectivo aplicado pola empresa (Ocio educativo e animación sociocultural), tendo en conta a titulación e labores autónomas de coordinación e supervisión que se esixen ao persoal destinado á execución do Lote nº 1.

- En consecuencia co anterior, e de conformidade co establecido no art. 149.6 LCSP, rexeitar a oferta presentada pola entidade "Galicia Outsourcing, S.L." para o Lote nº 1 (servicios para a organización e realización de actividades/eventos deportivos) dos que integran o expediente nº 2020/C004/000017, e, en consecuencia, excluír a dita empresa da clasificación e acordar a adxudicación a favor da seguinte mellor oferta, de acordo coa orden en que foron clasificadas, sendo ésta a presentada pola entidade "Trosma Producciones, S.L."

- Adxudicar o "**Lote 1 – Servicios para a organización e realización actividades/eventos deportivos**" incluído no expediente núm. 2020/C004/000017 correspondente aos "*Servicios de colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos*", en favor de la empresa "**Trosma Producciones, SLU**", con NIF B3249\*\*\*\*\* e enderezo en C/ Constitución 15, entresollado dereita– 15147 Coristanco (A Coruña), no prezo anual ofertado de 14.317,37 euros sen IVE (17.324,02 euros IVE incluído), resultando o prezo total para os dous anos de contrato 28.634,74 euros sen IVE (34.648,03 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a seguinte mellor puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

- Para o Lote nº 2 (Servizos para a organización de actividades/eventos culturais):

De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 25 de novembro de 2020:

- Declarar que a empresa "Galicia Outsourcing, S.L." non xustificou a súa oferta incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, isto ao amparo do establecido no artigo 149, apartados 4 e 6 da LCSP e cláusula 16.3.4 do PCAP, dado que a empresa non aportou xustificación algunha para xustificar a súa oferta incurso en presunción de resultar anormalmente baixa tralo requerimento formulado ao efecto en data 30 de outubro de 2020, polo que procede o rexeitamento e conseguinte exclusión da oferta presentada pola entidade "Galicia Outsourcing, S.L." para o "Lote 2 – Servicios para a organización de actividades/eventos culturais" incluído no expediente núm. 2020/C004/000017 correspondente aos "*Servicios de colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos, e, en consecuencia, e a teor do establecido no art. 149. 6 da citada Lei 9/2017, excluír a dita empresa da clasificación e acordar a adxudicación en favor da seguinte mellor oferta, de acordo coa orde en que foran clasificadas, sendo ésta a presentada pola entidade "Trosma Producciones, S.L."*

- En consecuencia co anterior, e de conformidade co establecido no art. 149.6 LCSP, rexeitar a oferta presentada pola entidade "Galicia Outsourcing, S.L." para o Lote nº 2 (Servizos para a organización de actividades/eventos culturais) dos que integran o expediente nº 2020/C004/000017, e, en consecuencia, excluír a dita empresa da clasificación e acordar a adxudicación a favor da seguinte mellor oferta, de acordo coa orden en que foron clasificadas, sendo ésta a presentada pola entidade "Trosma Producciones, S.L."

- Adxudicar o "**Lote 2 – Servicios para a organización e realización actividades/eventos culturais**" incluído no expediente núm. 2020/C004/000017 correspondente aos "*Servicios de colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos*", en favor de la empresa "**Trosma Producciones, SLU**", con NIF B3249\*\*\*\*\* e enderezo en C/ Constitución 15, entresollado dereita– 15147 Coristanco (A Coruña), no prezo anual ofertado de 14.783,15 euros sen IVE (17.887,61 euros IVE incluído), resultando o prezo total para os dous anos de contrato 29.566,29 euros sen IVE (35.775,21 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a seguinte mellor puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do prego de

cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

- Para o Lote nº 3 (*Servizo de elaboración de Memorias técnicas das actividades/eventos culturais*):

- De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 29 de outubro de 2020, declaro deserto o Lote nº 3 (*Servizo de elaboración de Memorias técnicas das actividades/eventos culturais*) dos que integran o expediente 2020/C004/000017 correspondente á “*Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos*”, por non terse presentado ningunha proposición que sexa admisible de acordo ao establecido na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ao non cumprir a única proposición presentada co requisito de atoparse, na data final de presentación de ofertas (4 de setembro de 2020), inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, isto ao amparo do establecido no art. 150.3 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro

- Para o Lote nº 4 (*Suministro de carpas para o desenvolvemento das actividades/eventos culturais*):

- De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 8 de setembro de 2020, adxudicar o “**Lote 4 – Suministro de carpas para o desenvolvemento das actividades/eventos culturais**” incluído no expediente núm. 2020/C004/000017 correspondente aos “*Servicios de colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre promovidos polo Concello de Cambre durante dous anos*”, en favor da empresa “**Carpas Facal, S.L.**”, con NIF B7015\*\*\*\* e enderezo en C/Brenlla Couso 22 – 15679 Cambre (A Coruña), no prezo anual ofertado de 6.485,78 euros sen IVE (7.847,79 euros IVE incluído), resultando o prezo total para os dous anos de contrato 12.971,56 euros sen IVE (15.695,59 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 del prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Cuarto:** Proceder á formalización dos contratos correspondentes aos lotes 1, 2 e 4 en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Para a formalización dos contratos requírese que os licitadores presenten os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares

De conformidade co establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula

**Quinto:** De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable dos contratos ao coordinador de Actividades Culturais e Educativas municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Asímesmo, de conformidade coa cláusula 19.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, con carácter previo ao inicio da execución do contrato, e en concreto, ao inicio do servizo ou actividade previstos en cada un

dos lotes adxudicados do presente expediente, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais e materiais adscritos ao mesmo, e polo tanto, figuran no expediente de contratación os contratos e/ou demais documentos relacionados na cláusula 17.1.11 do PCAP e cláusula Segunda apartado 10 do PPT, deixando constancia no expediente. A falla de presentación dalgún dos documentos, e, polo tanto, de acreditación de dispor dos medios persoais e materiais mínimos para a prestación do servizo ou actividade previstos en cada lote, poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades previstas na cláusula 22.2 do presente prego.

**Sexto:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia